| <ul style="list-style-type: none"> - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos) - Medidas de centralización: interpretación e cálculo. - Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 13 | Matemáticas para a vida en sociedade | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual. | Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual. | TI | 100 |
| CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos. | Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos. | | |
| CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas. | Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas. | | |
| CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados. | Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados. | | |
| CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo. | Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. |

Contidos

- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaráanse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilidade dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentárase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na

explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto COMUNIDAD EN RED Matemáticas 1º ESO editorial Vicens Vives |
| Caderno ou folios de cuadrícula grande (dúas cuadrículas, 1 cm) |
| Materiais manipulativos: papel milimetrado, papel cebola, tramas de puntos, bolígrafo, lapis, regra e cartabón, compás, transportador de ángulos, tesoiras, barra de pegamento, post-it, centicubos, instrumentos de medida, dominós. |
| Fichas de actividades de consolidación, reforzo e ampliación |
| Aula virtual do IES |

| |
|---|
| Dotación da aula (encerado dixital, pupitres individuais, pizarra) |
| Aula de informática |
| Páxinas web de contidos matemáticos (vitutor, Descartes, IGE, INE, alfonsogonzalez) |
| Calculadora (é necesario dedicar un tempo a que o alumnado manexe sen ningunha dificultade a calculadora, tan eficaz no ensino das Matemáticas, e tan útil en clase e na vida ordinaria. Así mesmo, débese ter en conta os efectos negativos dos usos inadecuados da mesma e a necesidade de incidir niso, compatibilizando as distintas formas de cálculo: escrito e mental) |
| Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, e RCommander) |

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e pizarra na que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Segundo acordo de CCP e Claustro, farase a reunión de avaliación inicial a finais de setembro, podéndose facer coincidir cun primeiro control da primeira avaliación. Prestarase unha atención especial a aqueles alumnos que segundo a información recibida do departamento de orientación ou outros membros do departamento, poidan necesitar medidas específicas de atención ou reforzo. Así mesmo utilizarase coma instrumento informativo os informes dos alumnos/as do curso anterior.

Tamén se farán probas específicas ao alumnado durante as primeiras semanas de clase para detectar os casos que necesiten medidas de educativas especiais como as ACS, e o alcance e nivel das mesmas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 6 | 6 | 6 | 6 | 6 | 6 | 5 | 6 | 6 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| Táboa de indicadores | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 6 | 6 | 30 | 100 |
| Proba escrita | 100 | 100 | 0 | 70 |
| Táboa de indicadores | 0 | 0 | 100 | 30 |

Criterios de cualificación:

Os contidos a avaliar separaranse en tres avaliacións independentes, en canto a cualificación se refire, tendo en conta os seguintes instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Probas escritas: realizarase unha por trimestre como mínimo. Faranse controis nos que se avaliaren una ou dúas unidades didácticas e farase un exame de avaliación nos que se avaliaren todos os contidos do trimestre. O exame de avaliación terá valor dobre a efectos de puntuación, de xeito que se fai a media aritmética do distintos controis e do exame de avaliación, asignándolle a esta última a puntuación obtida multiplicada por dous.

Cada unha das probas mencionadas anteriormente nos apartados debe puntuarse de 0 a 10.

Non se superará a avaliación con menos dun 4 neste instrumento, independentemente da nota do resto dos instrumentos utilizados na avaliación correspondente.

O peso deste instrumento sobre a cualificación de cada avaliación será dun 80 %.

- Traballos e calidade do traballo: boletíns de problemas, traballos monográficos, exposicións orais, caderno de clase, traballo de aula, actividades propostas na aula virtual, etc. Terán relación cos contidos traballados nas unidades didácticas. Valorarase a calidade do traballo. Puntuaranse de 0 a 10. Para superar este instrumento precísase un 5.

Se as circunstancias impiden planificar a avaliación a través do instrumento traballos a porcentaxe adicada a este instrumento sumarase á do instrumento probas.

O peso deste instrumento sobre a cualificación de cada avaliación será dun 10 %.

- Actitude e traballo diario: con este instrumento preténdese determinar o grao de interese do alumnado pola materia, o seu esforzo persoal para superar os atrancos, e a constancia no traballo diario amosado en cada trimestre. O traballo diario cuantificarase a través do seguimento das tarefas realizadas polo alumnado no trimestre. En relación á actitude indicar que se espera que o alumnado colabore en crear un clima que favoreza a aprendizaxe na aula sendo respectuoso cos compañeiros e co profesorado. Preténdese acostumar ao alumnado a aceptar e poñer en práctica as normas que rexen a convivencia no centro. Puntuarase de 0 a 10. Para superar este instrumento precísase un 5. O peso deste instrumento sobre a cualificación de cada avaliación será dun 10 %.

As actividades propostas na aula virtual han de entregarse completas e na data indicada.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de cualificación do instrumento "probas escritas":

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.

- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos seguidos, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe matemática.

- Os erros graves de concepto anulan o apartado correspondente.

- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado.

- Cando a resposta deba ser razoada ou xustificada, non facelo suporá unha puntuación de cero no apartado correspondente.

- Un resultado erróneo, que non implique un erro conceptual, pero cun razoamento axeitado valorarase cun 50% da puntuación do apartado

Na resolución de problemas non chega con que o alumno faga as contas e indique o resultado. Debe de tomalos datos do exercicio e expoñela súa resolución. Non facelo rebaixa a cualificación ao 50% da cualificación do exercicio. A reiteración deste feito en distintas probas por parte do alumnado pode anular o exercicio.

- Na resolución de problemas de ecuacións o alumnado debe indicar a toma de datos, o desenvolvemento, a resolución e a comprobación do mesmo. Se fora o caso, deberán indicar os debuxos ou táboas correspondentes.

- Unha formulación incorrecta dunha igualdade matemática puntuará como máximo o 75% da nota do apartado.

- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, pode ser valorada cun 0 se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu o devandito resultado.

- Os erros nas unidades, ou non poñelas, descontará un 25% da nota do apartado.

- Un erro no cálculo nun problema considerarase leve e descontarase o 25 % da nota do apartado. Nos exercicios exclusivamente de cálculo poderán descontar ata o 100% da puntuación dependendo da dificultade do mesmo.

- Valorarase a simplicidade e axilidade no cálculo. No caso de cálculo con fraccións a non simplificación dun resultado no final dun exercicio ou no seu proceso de cálculo, rebaixa a súa puntuación ata un 50%.

Criterios de cualificación xerais para o instrumento traballos e calidade do traballo:

- Caderno: Para recibir unha cualificación positiva ademais de ter os exercicios feitos, debe conter a data, os apuntamentos, anotacións, e correccións que lle permitan afrontar as probas propostas en cada avaliación. Valorarase positivamente a boa corrección das tarefas, a boa presentación, e a organización. Puntuaranse de 0 a 10.
 - Traballos escritos: Deben axustarse ás indicacións realizadas polo profesor/a. Pódense realizar dixitalmente ou manuscritos. Deben contestar ao que preguntan. Valorarase positivamente a boa presentación e o uso de linguaxe matemática nos razoamentos realizados. Os traballos deben de presentarse completos e na data indicada. Puntuarase de 0 a 10.
 - Traballo de aula: Fai relación a observación directa por parte do profesor do traballo realizado polo alumnado na aula: intercambios orais, posta en común dos contidos, exposición de traballos na pizarra. Valorarase positivamente a resposta correcta aos exercicios ou cuestións desenvolvidas polo alumnado. Puntuarase de 0 a 10
 - Traballos da aula virtual: Dada a gran diversidade de propostas virtuais que se poden dar: visualizacións de vídeos, realización de test de autoavaliación e reforzo, realización e corrección de cuestións, calquera traballo que supoña garantir a formación, reforzo, recuperación e adquisición das diferentes competencias por parte do alumnado, será o profesor o que estableza en cada caso os criterios para a avaliación da tarefa. Puntuarase de 0 a 10.
- Criterios de cualificación xerais do instrumento actitude e traballo diario:
A actitude cualifícase observando as condutas amosadas polo alumnado en clase cara ás actividades propostas. O traballo diario pode valorarse a través do seguimento das tarefas realizado polo profesor/a, cumprimento de prazos de entrega, etc. Valorarase como positivo o respecto mutuo entre compañeiros e ao profesor/a, a realización das tarefas a diario, a entrega de traballos en prazo, e o interese amosado en relación aos contidos da materia. Nos traballos virtuais primarase a entrega dos mesmos, que estén completos e entregados en tempo. Puntuarase de 0 a 10.

PORCENTAXES:

Porcentaxe asignada aos instrumentos para establecer a cualificación:

- Probas escritas: 80%
- Traballos e calidade do traballo: 10%
- Actitude e traballo diario: 10%

NOTAS IMPORTANTES:

- Só se terán en conta os traballos e calidade do traballo e actitude e traballo diario se se supera o instrumento probas escritas cun 4. En caso contrario a avaliación estará suspensa independentemente da nota do resto dos instrumentos.
- Se un alumno falta a realización dunha proba escrita deberá presentar a documentación xustificativa oficial correspondente (xustificante médico, do xulgado, da policía) para que se lle repita dita proba noutra data. Se non a presenta, non se lle repetirá a proba e o alumno/a será avaliado/a cos instrumentos de avaliación dos que se teña rexistro.
- No caso de copiar ou utilizar calquera procedemento fraudulento na realización dunha proba escrita ou de calquera traballo, procederase a anulación da mesma e obterase un cero coma cualificación. Se un alumno ou alumna se deixa copiar nunha proba escrita ou nun traballo tamén obterá un cero nese instrumento.
- Se a hora de presentar un traballo individual, varios alumnos entregan un traballo idéntico, a cualificación de tódolos alumnos será de 0.
- Está prohibido o uso e a presenza do móbil, auriculares, dispositivos electrónicos durante a realización das probas escritas. O alumnado pode deixalo na mesa do profesor ou no espazo que este designe durante a realización das probas. De non ser así o profesor/a poderá aplicar segundo o seu criterio as mesmas medidas que se estivese copiando.

AVALIACIÓN FINAL:

A nota da avaliación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliación, (ou das recuperacións ou nota do exame final segundo proceda), tendo en conta que:

- Para aprobar, esta media ten que ser de 5 ou máis.
- No caso de que un alumno/a fixera algunha recuperación dalgunha avaliación utilizarase para o cálculo da media aritmética o criterio indicado con anterioridade no apartado de instrumentos non superados (recuperacións).
- O alumnado que teña que avaliarse no exame de avaliación final, obterá coma máximo un cinco (na parte que recuperan), por ter que avaliarse de contidos mínimos.

- Para aproximar o resultado farase por defecto ou por exceso en función dos instrumentos traballo e actitude. Se teñen balance positivo a aproximación farase por exceso e do contrario por defecto.

Crterios de recuperación:

O alumnado que suspenda a 1ª ou/e a 2ª avaliación fará durante a seguinte avaliación unha proba escrita para recuperar os contidos suspensos da avaliación anterior. Se suspende a 3ª avaliación faría a recuperación no exame da avaliación final.

A cualificación das probas de recuperación se rexeran polo seguinte criterio:

- Se a nota obtida na proba oscila entre 5 e 7 terá unha cualificación de 5.
- Se a nota está comprendida entre 7 e 9 o alumnado terá unha cualificación de 6.
- Se a nota acadada é maior a 9 o alumnado obterá unha cualificación de 7.

O alumnado que durante o curso fora aprobando cada avaliación ou as correspondentes recuperacións, non se presentará á proba de avaliación final.

Ao exame de avaliación final presentarase o alumnado que teña suspensa a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación; e/ou a 3ª avaliación. Os que teñan pendentes unha avaliación examinarase unicamente desa parte e os que teñan suspensas dúas ou tres avaliacións examinaranse da materia de todo o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

6. Medidas de atención á diversidade

En función dos resultados obtidos na avaliación inicial do curso, poderanse tomar medidas específicas cos alumnos/as en función das súas necesidades. Así mesmo ao longo do curso estarase pendente de calquera medida de atención específica que poida necesitar o alumnado.

Aplicaranse os distintos protocolos para os distintos alumnos/as de necesidades educativas especiais para alumnos/as con TDAH, TEA, AACC e prestarase especial atención ao alumnado que tivesen dificultades da fenda dixital.

Neste curso escolar o centro participa no programa de mellora educativo Proa + financiado polo fondo social europea e contarase neste nivel educativo cun profesor de reforzo de matemáticas.

Nos grupos existe variedade de alumnos e alumnas e é por isto que o deseño de actividades ten que ser variado no referente a maneira de traballar e tamén no relativo ó grao de dificultade.

Aparte das actividades comúns a todos, poderanse ofertar actividades de reforzo e de ampliación que satisfagan do mellor xeito posible a demanda de todos eles/as.

Aplicaranse os seguintes principios de actuación para atender a diversidade nas clases de matemáticas:

- Utilizar linguaxes diferentes (de maior ou menor nivel de abstracción) para expresar os mesmos conceptos.
- Dedicar unha atención e axuda individualizada aos alumnos/as que máis o necesiten en determinados momentos da clase.
- Proporcionar materiais concretos que faciliten a comprensión das nocións matemáticas tratadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A formación estética | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para o consumidor | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital | X | X | X | X | X |
| ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade | X | X | X | X | X |
| ET.4 - O fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A creatividade | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A formación estética | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para o consumidor | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Pendente da oferta de entidades externas | Estarase pendente das actividades extraescolares que poidan ser ofertadas por entidades externas e no seu defecto, tratarase de planificar algunha charla ou actividade complementaria a desenvolver no centro organizada por algunha entidade externa (universidade, fundación). | | | |

Observacións:

Entendemos que ao longo do curso, xurdirán iniciativas interesantes que nestes momentos aínda non se están a ofertar, como a visita ao instituto galego de estatística para 4º eso, e unha visita dobre e recíproca ao centro Aspace, moi preto de nos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes |
| Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado |
| Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva |
| Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente |
| Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces |
| Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas |
| Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa |
| Atención adecuada á diversidade do alumnado |
| Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias |
| Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación |
| Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado |

Descrición:

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación os modelos de plantilla aprobados por CCP para tal fin para todos os departamentos.

- Documento individual para avaliación, por parte do profesor, do proceso de ensino e da práctica docente en cada unha das materias que imparte:

PROGRAMACIÓN:

-Grado de dificultade dos contidos: baixo-medio-alto

-Adecuación do deseño de actividades: baixo-medio-alto

Medidas metodolóxicas: Funciona pouco-Funcionan adecuadamente-Funcionan moito

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

-Variabilidade das explicacións: baixa-media-alta

-Reforzo educativo (indicar número)

-ACI (indicar número)

TEMPORALIZACIÓN:

-Concordancia da programación coa materia impartida: retrasada - ao día- avanzada

PRÁCTICA DOCENTE:

-Contidos, adecúanse ao alumnado? pouco-si-moito

-Desperta interese pola materia? pouco-si-moito

CONDUCTAS DISRUPTIVAS:

-Preséntanse conductas disruptivas: ningunha-ás veces-moitas

-Contrólanse as conductas disruptivas: ningunha-ás veces-moitas

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

-Compróbase se os alumnos seguen as clases? Nunca-ás veces-sempre

-Establécense medidas correctoras se non funciona? Nunca-ás veces-sempre

- Documento para que o alumnado avalíe o proceso de ensino e a práctica docente:

ASPECTOS AVALIADOS (a puntuar do 1 ao 10):

O profesor/a cumpre o seu horario?

O profesor/a mantén a orde e do bo clima de traballo na aula?

O profesor/a ten capacidade de transmitir coñecementos e é claro nas exposicións?

Valora a organización e o ritmo de traballo das clases:

Utilízanse distintos materiais didácticos segundo os temas a tratar?

Combínase o traballo individual e en equipo?

Utilízanse as TIC na materia?

O profesor/a entrega ó alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos etc...?

O profesor/a revisa co alumnado as correccións das probas, comentando os erros e acertos?

Valora o proceso de avaliación:

Valora a implicación do profesor/a co alumnado:

Puntuación media total:

Puntos fortes (indicar cales):

Aspectos a mellorar (indicar cales):

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación non se considera un documento cerrado polo que debe avaliarse regularmente para acadar os seguintes obxectivos:

- Mellorar a nosa formación como docentes.
- Fomentar a coordinación e cooperación entre o profesorado membro do departamento.
- Reforzar as medidas relativas á atención á diversidade.
- Avaliar os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

Farase un seguimento do desenvolvemento da programación en cada curso nas reunións do departamento que terán lugar como mínimo, unha vez ao mes. Así mesmo utilizarase os resultados das avaliacións, e as propostas de mellora que se acorden nas C.C.P para facer as modificación oportunas.

Ao remate de cada curso elaborárase a correspondente Memoria por parte dos membros do Departamento. Ese documento deberá contemplar os seguintes aspectos:

- Grao de cumprimento dos obxectivos marcados na programación.
- Dificultades atopadas.
- Aspectos que influíron nesas dificultades.
- Aspectos que se deberán modificar e mellorar.
- Propostas de cambios que se consideran necesarios.

9. Outros apartados

1. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

A principal actividade a desenvolver na aula, será a lectura comprensiva de enunciados de problemas matemáticos e exercicios. Esta será unha práctica que se manterá durante todo o curso e ao longo de toda a programación. Por outra banda non debemos de esquecer que para analizar numerosos textos ou tarefas nas que se expoñan situacións cotiás precísase a formulación dunha serie de cuestións co fin de axudalos a comprender o que len, facer unha lectura razoada, ou interpretar textos que conteñan linguaxe matemática. Noutros casos teñen que analizar a información, saber con que datos contamos e para que: que me din?, que teño?, que me piden?, que se ten que facer? e como facelo? Tamén teñen que aprender a seleccionar a información e razoar a partir da lectura e da comprensión lectora. O Departamento de Matemáticas participará na hora de ler no calendario que lle sexa asignado polo equipo da biblioteca e colaborará con este na selección ou adquisición de libros de contido matemático.

2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O uso das TIC por parte do alumnado é un dos obxectivos principais nesta etapa. Trátase de que o alumnado, ó rematar a ESO, teña unha aceptable competencia dixital que lle permita desenvolverse en contornos de aprendizaxe e na súa vida. Para lograr isto, dende a materia contribuírase a desenvolver estratexias metodolóxicas e actividades tendentes a desenvolver as capacidades do alumnado neste sentido. A inclusión de materiais curriculares e estratexias metodolóxicas que favorezan o uso das TIC será decisivo para lograr unha boa competencia dixital. Os instrumentos que o departamento empregará para acadar tal fin son os seguintes: - Programas informáticos (DERIVE, TUX OF MATH COMAND, GEOGEBRA, EXCEL) - Páxinas web de contidos matemáticos (vitutor, Descartes, IGE, INE, alfonsogonzalez) - Youtube coma recurso didáctico, así coma vídeos ou documentais - Aplicacións móbiles (Ahorra Luz) - Pantalla dixital e canon - Aula virtual e espazo abalar - Uso axeitado da calculadora